

Comentarios subidos ao blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

A praia dos afogados

Domingo Villar retoma a súa liña de novela policial e escribe o libro "A praia dos afogados", o cal volve a inspirarse nun crime investigado polo inspector Caldas. O narrador, que é sabedor de tódolos detalles da novela, relátanos a historia que hai detrás duns mariñeiros galegos, concretamente de Panxón. Así mesmo, o autor do libro menciona de novo o traballo de Leo Caldas na radio; método polo cal o inspector deuse a coñecer inconscientemente nos arredores das Rías Baixas. Cada capítulo do libro, inmerso nun mar de minuciosos detalles que crean unha ilusión paisaxística moi precisa, comeza cunha serie de palabras coas súas respectivas acepcións no dicionario. Ningunha das palabras é relevante no fío da historia, sen embargo, Domingo quere facer alusión ao tema do que vai falar en cada un deses capítulos. O libro recrea un ambiente tenso ao redor do inspector Leo debido ás situacións familiares co seu tío enfermo, o seu pai, e a loita entre o descanso e o traballo. Isto conduce o lector a seguir léndoo pola intriga que xera. A pesar de que penso que é un libro apaixonante, creo que o autor debera ser máis conciso e reducir o tamaño do libro, pois penso que poderían ser eliminadas case duascenas páxinas no medio do libro sen que o lector perda o fío da historia. Tamén hei dicir que a confrontación de culturas galega (Leo Caldas) e zaragozana (o axudante Estévez) dota ao libro dun carácter humorístico, pois en moitas das súas conversas, o aragonés cuestiónase o porqué de que os galegos contesten ás preguntas facendo máis preguntas en vez de ser claros. Unha ensinanza fundamental do libro é que, aínda que intentamos gardar segredos, estes deixan de selo unha vez que o coñecen máis de unha persoa. Ademais, segredos da índole como o que estaban a gardar os mariñeiros galegos sempre saen á luz, pois queirámolo ou non, sempre deixamos cabos soltos. Recoméndolle o libro a calquera persoa á que lle guste a novela de crime, pois é un dos mellores exemplos de como nos sorprenden os finais das historias. (Laura)

'A praia dos afogados', de Domingo Villar, é unha novela policíaca que me gustou moito, debido, sobre todo, á súa excepcional narración. O autor realiza unhas descrições detallistas e exhaustivas, permitíndolle deste xeito ó lector coñecer ata o último pormenor de cada escena. A obra trata sobre a investigación que levan a cabo Leo Caldas e os seus axudantes a partir do achado dun corpo na praia de Panxón. O que ó principio semellaba un suicidio, resulta ser un asasinato levado a cabo coa finalidade de encubrir outro crime sucedido había moitos anos. A indagación non é sinxela, e o inspector Caldas (o 'patrulleiro das ondas') vese na obriga de remexer nos feitos ocorridos na noite de treboada na que o 'Xurelo', un barco pesqueiro, afundiou. Destacaría a gran caracterización dos personaxes que leva a cabo o autor ó longo da obra: Leo Caldas é descrito como unha persoa nostálgica, misteriosa, e en ocasións sarcástica, que vai identificando as desgrazas alleas coas súas propias (a enfermidade do seu tío, a moza que o deixou, etc); Estévez, pola súa banda, é un home moi activo e impulsivo, o que, en ocasións, lle vai traer problemas; Xosé Arias é un home misterioso e pouco falador, o que vai favorecer que se considere culpable durante a meirande parte da obra. Outro feito que tamén me resultou salientable foi o estrito realismo do que se dota ó libro: escenas coma as que teñen lugar no hospital resultan especialmente emotivas, a ambientación en Vigo propicia o achegamento dos feitos ó lector, e, ademais, o xeito de levar a investigación (axudándose de forenses, probas de ADN, etc.) non deixa de lembrar ó 'estilo do CSI' tan común nas series televisivas actuais. Tamén é algo a destacar o feito de que o autor aproveite numerosas ocasións para facer referencia e mesmo loar o estilo de vida galego, salientando a calidade da gastronomía e das paisaxes, poñendo de relevo actitudes ambiguas (contestar preguntando) e 'retranqueiras', e mesmo denunciando a construción excesiva nas zonas próximas á costa. Gustoume moito, especialmente, como se mantén o misterio do ocorrido a bordo do 'Xurelo' ata case o final: é, sen dúbida, un modo de proporcionarlle certo sentido de unidade á obra. Encantoume tamén a dedución de Leo Caldas sobre como Diego Neira foi quen de descubrir a localización de Xusto Castelo a partir do recorte de periódico que aparece case ó principio da historia. Por outra banda, o inspector realiza a miúdo certas frases moi interesantes e cun significado máis profundo do que poida parecer inicialmente, como por exemplo 'Buscar una pantasma serve par aliviar a inquietude, para poñer nome á incerteza; iso é mellor que pensar que a xente prefere suicidarse a seguir vivindo, ou que temos por veciño a un asasino', ou 'Non me doen os mortos; dóenne os vivos'. Entre os aspectos que menos me gustaron está o ambiente excesivamente deprimente que caracteriza certas partes da historia: entre a aldea pesqueira despoboadada na que sempre chove, a morte dun veciño e a pena da súa familia, e a propia tristeza do protagonista, algunhas pasaxes resultan demasiado melancólicas. Un defecto que lle atopo é a lentitude coa que se desenvolve a historia ó principio: a lectura faise pesada ata case a terceira parte do libro, onde a investigación comeza a ter éxito. De feito, os policías

reciben unha avalancha de información cando van a Aguiño, case ó final; todos estes datos descubertos en tan pouco tempo contrastan co resto da indagación, que se desenvolve moi lentamente.

En conclusión, 'A praia dos afogados' é bastante entretido se se sabe esperar ata o final. Ademais, é unha obra dotada de orixinalidade, reflectida nas definicións ó inicio de cada capítulo, facendo referencia ós feitos que nel se van comentar. Recomendaríallo sen dúbida ó que lle guste a novela policíaca. (**Marta**)

Neste 2º libro de Domingo Villar volve a escribir na a súa liña de novela policial e escribe "A praia dos afogados", no cal baséase nun crime investigado polo inspector Leo Caldas. O narrador, é sabedor de tódolos detalles presentes na novela, relátanos o misterio que hai detrás duns peculiares mariñeiros galegos, concretamente de Panxón. A obra trata sobre a investigación que levan a cabo Leo Caldas e os seu Estevez a partir do descubrimento dun corpo na praia de Panxón. O principio semellaba un suicidio, resultou ser un asasinato levado a cabo coa finalidade de encubrir outro crime sucedido había moitos anos no que estaban involucrados Xusto Castelo (o morto neste relato) Arias (mariñeiro da zona) e o Capitán daquel navío (o xurelo, embarcación do 1º crime) Antonio Sousa. A indagación non é sinxela, e o inspector Caldas (o 'patrulleiro das ondas') vese na obriga de remexer nos feitos ocorridos na noite de treboada na que o 'Xurelo', que como xa expresado antes, afundira moitos anos. O libro en xeral non é difícil de ler ademais e bastante entretido a trama esta tan ben estruturada que non sabes que e o asasino ata o final polo que a novela faite estar en tensión ata o último intre. É un libro moi recomendable porque é moi divertido aínda que a súa única pega é a extensión polo xeral este libro mais o anterior a este (Ollos de auga) dende o meu punto de vista son dignos merecedores dun 10. (**Jorge**)

O libro 'A praia dos afogados' de Domingo Villar é unha novela correspondente ao xénero policíaco na que a mestría do autor do autor implicáanos na vida de Leo Caldas. A obra relata todo o acontecido, dende o punto de vista do inspector Leo Caldas centrándose no referente a investigación dun presunto suicidio, o cal máis tarde é catalogado de homicidio. Coa axuda de Estévez, o seu axudante, e a colaboración do resto do equipo, Leo Caldas resolve este crime. Deste libro destacaríase sobre todo como o autor intriga ao lector implicándoo na trama, deste xeito mantén a tensión de comezo a fin. Outro aspecto a destacar é a minuciosidade coa que son relatos os personaxes e as escenas. Entre o que menos me gustou do libro destacaríase a facilidade coa que Leo Caldas sendo tan espabilado para cheirar que houbo algo raro no suicidio de Xusto o rápido que aceptou a teoría supersticiosa dos mariñeiros sobre a pantasma do capitán morto. Con todo isto, recomendaríalle esta novela a calquera que lle guste o xénero policíaco. (**Adrián**)

Este relato de Domingo Villar contén temas moi diversos dende, crime, amor, costumes.. ata como coller percebes nas rochas.. pero que fan amena e entretida a lectura. Ademais o relato transcorre na zona de Vigo, nas Rias Baixas e arredores. A aparición do afogado Xusto Castelo na praia da Madorra na parroquia de Nigrán (Pontevedra) fai que nos situemos nesta zona mais cercana a nós. As Rias de Vigo onde Leo Caldas pasa moitos momentos da súa vida cotiá fainos imaxinar a historia máis real, xa que nos son "familiares" para nós. O inspector Leo Caldas có seu axudante Rafael Estévez, chegan a resolver o caso despois de moitas preguntas sen resposta, ata que, inesperadamente poden relacionalo cunha desaparición ocorrida doce anos atrás, o vinte de Decembro de mil novecentos sesenta e seis. É un libro levadeiro aínda que o final na miña opinión deixa o lector en suspense, xa que non se sabe como continuará a historia, a relación cunha moza chamada Alba, e a relación do protagonista co seu pai. (**Beatriz**)

"A praia dos afogados" apoiase no crime dun mariñeiro vigués para relatar unha historia mais profunda que abarca tanto as historias e as vidas persoais dos seus compañeiros como a situación persoal do inspector. Ademais de tratarse dunha simple investigación policial sobre outro afogado mais, lévanos o pasado, os sucesos que rodearon o afundimento do Xurelo. Mesturado con multitude de aspectos cotiáns e rurais, como poden ser as tabernas, loxas, etc. Que nos descubren e axudan a contextualizar a historia; aparécenos unha investigación ben encamiñada e planeada, aínda que, para o meu gusto, demasiado fortuíta ás veces. Pero debo dicir que as veces se me antollou bastante previsible, aínda que teño que recoñecer que nas primeiras paxinas a sospeita de que o asasino era o pantasma do capitán afogado pareceume verosímil debido a tendencia de moitos libros galegos a mesturar as lendas e a ficción coa realidade. En verdade, resultoume un libro entretido, pero non especial. Demasiado longo para o que requiría a historia, que podía acurtarse bastante e aínda así resultar igualmente de aceptable. (**Laura**)

"A praia dos afogados" é un deses libros que, a pesar da súa extensión, lese moi rápido e engaiólanos dende o principio. Comeza coa aparición dun mariñeiro afogado nunha praia da vila de Paixón, e a partir de ahí o inspector Leo Caldas mergúllase no caso, facendo que o lector se meta na historia con el. O que máis me gustou é que ata o final non souben cal fora o asasino e como se desenvolveran os feitos, porque había moitos sospeitosos. Ademais, a acción sitúase na cidade de Vigo e arredores, seguindo así a realidade e involucrándonos aínda máis na historia, facendo mención a varias rúas e estatuas. Tamén ten un vocabulario actual e sinxelo, que non complica a lectura. Algo que me chamou a atención é que ao comezo de cada capítulo aparece unha palabra diferente e os seus significados do dicionario, que fai ao libro máis orixinal. Se tivese que atoparlle unha pega sería o tema de Alba, a moza do protagonista, que parece mencionada en varias ocasións e só aparece como personaxe nunha chamada de teléfono. O autor danos a entender que tiveron problemas e están separados, pero non se chegan a saber as causas nin moito menos se o arranxan. Penso que a única finalidade de contar esta historia é "humanizar" ao inspector, ao igual que co asunto do pai e do tío. A pesar disto, aparece como un home excesivamente dedicado ao seu traballo. Por último, recomendaríallo a calquera persoa (sobre todo aos que lles gusten as novelas policíacas e de investigación) porque aínda que pode dar a impresión de ser un libro pesado, non defrauda para nada na miña opinión. **(Marta)**

"A praia dos afogados" é unha novela policíaca que narra a historia da investigación da morte dun mariñeiro, Xusto Castelo en Panxón, unha pequena vila galega cercan a cidade de Vigo. Cidade na que reside o inspector Caldas, quen xunto co seu axudante o zaragozano Estévez logra resolver o crime. Con esta novela na que Domingo Villar volve a recorrer aos personaxes do seu libro "Ollos de auga" pretende de novo amosarnos a crueldade da morte e o mundo das investigacións policíacas, todo cheo de referencias ao paisaxe galego, tan coñecido para o autor. Ademais a novela esta chea de ironías e conversacións inxeniosas que a fan a lectura moi amena e dalgún sito incitan a seguir lendo. A historia vólvese a presentar dende o punto de vista do inspector Caldas, que centra toda a súa vida en resolver o crime, pese a que este ao principio semelle ser só un suicidio. Disto dámonos conta a metade da obra, cando o seu axudante dille que non é correcto que lle faga traballar os domingos. Así, a obra é máis que unha novela centrada na persecución e busca do asasino, senón que analiza perfectamente ao protagonista, o inspector, un home que pese a haber chegado lonxe na súa vida laboral, é demasiado inseguro no persoal, e non ten valor de enfrontarse aos problemas co seu pai ou coa muller que quere. O final aberto é importante, pois deixa ao lector coa dúbida de se o inspector finalmente resolverá tamén a súa propia vida. A verdade é que a novela encantoume, e penso que aínda que moita xente a rexeitaría polo eu volume ou polo xénero, paga a pena lela. A cada páxina mellora e engaiola máis a historia e aos personaxes. O mesmo que me aconteceu con "Ollos de auga", parece ser que Domingo Villar non decepciona. **(Claudia)**

"A praia dos afogados" de Domingo Villar é unha desas historias que lembran ás dos vellos dos pobos galegos que contan como se a vivisen aos seus netos. Todo acontece en Vigo, máis concretamente na localidade de Panxón, onde na praia dos Afogados, a cal recibe ese nome porque o mar devolve alí as súas vítimas, encontran un cadáver de Justo Castelo, que partira na súa barca a mañá do domingo. A primeira impresión foi de que estaban anta un suicidio, pero Leo Caldas, o comisario, sospeita de que non se trata dun suicidio senón que pensa que pode ser un asasinato. O libro, narrado en terceira persoa, expón moi ben todos os feitos. Unha das vantaxes desta novela policíaca é que mantén durante toda a trama o mesmo ritmo mais ou menos de maneira que mantén ao lector en continua atención e suspense, e creo que é por iso polo que amárrate dende o principio da obra. Ademais non narra as cousas tal cal a realidade senón que as veces utiliza certa retranscrición característica do galego. Fácil de ler, entretido e misterioso, son as palabras coas que describo o libro e recomendo lelo. **(Alfredo)**